



Xosé Manuel Beiras, homenaxeado pola súa faceta como ensaísta e tradutor

Recibirá a Homenaxe O Escritor na súa Terra - Letra E en 2025 da man da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

Por [Galicia Confidencial](#) | Compostela | 18/09/2024

O Consello Directivo da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) ratificou a decisión de que **Xosé Manuel Beiras** reciba a Homenaxe O Escritor na súa Terra-Letra E en 2025, pola súa contribución ao mundo da literatura en galego.



Xosé Manuel Beiras, histórico dirixente nacionalista, en xuño de 2023 | Fonte: Europa Press

Esta homenaxe, que se celebrará na cidade de Santiago de Compostela, quere poñer en valor a súa extensa traxectoria vital, sobre todo, na **súa faceta como ensaísta e tradutor, así como a súa**

xenerosa colaboración coa AELG, sendo parte do Consello Directivo da Asociación entre 1982 e 1986.

Esta iniciativa anual conforma xa unha tradición na traxectoria da Asociación, e tense constituído ao longo de máis de dúas décadas como unha celebración na que a terra natal ou de acollida da persoa homenaxeada ten unha presenza fundamental. **"É vontade da AELG honrar escritoras/es procurando o contacto directo coa autora e a súa implicación persoal na xornada de homenaxe"**, indica nun comunicado a entidade.

Trátase dunha celebración múltiple e popular en que se vén recoñecendo a entidade literaria de insignes figuras das nosas letras, a través dunha serie de eventos como a entrega do galardón Letra E de escritor (unha peza escultórica), a **plantación dunha árbore simbólica elixida polo propio autor e a colocación dun monólito conmemorativo**.